

INT/2026/000475

PROVIDENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA PARA CAMBIO DE FINALIDADE E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

Visto o Convenio para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vilagarcía de Arousa que permitan acometer a completa pavimentación da avenida Rodrigo de Mendoza e da rúa Valle Inclán, no Concello de Vilagarcía de Arousa, asinado en 27/07/2026, polo que Augas de Galicia administrará o procedemento e o Concello de Vilagarcía de Arousa financiará o importe das obras de reposición da parte da calzada deteriorada cun importe de 335.358,35 €

Considerando que no Orzamento municipal figura o Proxecto 2025-2-PREST-1 “PLAN ASFALTADOS” do Anexo de Investimentos do exercicio 2025 financiadas cunha operación de préstamo concertada no correspondente exercicio e xa ingresada, que dispoñen de crédito específico para a devandita finalidade na aplicación 1530-61900.

Tendo en conta o indicado no Oficio da Interventora Accidental polo que a aplicación existente no proxecto non se considera axeitada sendo a aplicación correcta a aplicación 1530-75100.

PRIMEIRO: Procédase á incoación do expediente de modificación da finalidade do financiamento afectado e crédito extraordinario, dentro do proxecto de gasto 2025-2-PREST-1 “PLAN ASFALTADOS” derivado das operacións de préstamo concertadas no seu día para o financiamento dos Anexos de Investimento do respectivo exercicio coa finalidade de atender os gastos derivados dos Proxectos e gastos sinalados.

SEGUNDO: Que se emitan os correspondentes Informes pola Intervención Municipal.

TERCEIRO: Unha vez emitidos os informes aos que se refiren os puntos precedentes, o expediente someterase á aprobación do Pleno da Corporación.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

A CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA

